



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO POLA QUE SE PUBLICA O LISTADO DE PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE LAPA NA MODALIDADE A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DA GUARDA, E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

ANTECEDENTES

1. A Orde do 21 de decembro de 2020, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023, aproba o plan específico de xestión de lapa na modalidade a pé da Confraría da Guarda no que figura un número máximo de seis (6) participantes durante o seu desenvolvemento.
2. Na ficha de aprobación do plan de xestión sinálase que: "Este plan é complementario do plan de xestión de percebe, na súa modalidade a pé. A confraría establece en 6 o número máximo de permisos de explotación..." "Poderá convocarse un proceso selectivo no segundo semestre do ano para cubrir as prazas vacantes."
3. A Confraría da Guarda solicita o 29 de maio de 2023 o inicio do proceso selectivo para a cobertura de catro (4) prazas vacantes de lapa, na modalidade a pé.
4. Mediante Resolución da Xefatura Territorial de Vigo, do 18 de agosto de 2023, convócase un proceso selectivo para o acceso a catro (4) prazas de lapa na modalidade a pé na confraría da Guarda. Ábrese un prazo de 15 días hábiles para presentación de solicitudes.
4. O 20 de setembro de 2023 publícase un requirimento de emenda de documentación dunha solicitude que non reunía os requisitos formais necesarios. No prazo estipulado a persoa interesada achega a documentación requirida.
5. Mediante Resolución da Xefatura Territorial de Vigo, do 27 de setembro de 2023, publícase a lista provisional de admitidos no proceso selectivo coa puntuación acadada. Non houbo solicitudes excluídas do proceso. Ábrese un prazo de 15 días hábiles para efectuar alegacións.
6. No prazo estipulado presentáronse tres escritos de alegación. Unha vez analizados, foron estimados dous deles e modificada a súa puntuación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.





2. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, regula no artigo 6 e seguintes o procedemento para a obtención do permiso de explotación.

De acordo co anteriormente indicado e, de conformidade co establecido na base III do Anexo A, da Resolución do 18 de agosto de 2023, pola que se convoca proceso selectivo, así como na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVE:

1. Facer pública a **lista definitiva** das persoas que superaron o proceso selectivo, e a das que non o superaron, para o acceso ao permiso de explotación de lapa na modalidade da pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría da Guarda.

2. A relación definitiva de persoas non seleccionadas constituirá unha **lista de reserva** que terá unha vixencia **DUN (1) ANO**, contado desde o día seguinte ao da data desta resolución.

3. As persoas seleccionadas disporán dun prazo de **quince (15) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do Anexo A da convocatoria:

a) Certificado de estar empadroada/o* nun municipio do litoral de Galicia.

b) Certificado da Seguridade Social* de non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia.

** Non se precisará presentar esta documentación no caso de consentimento expreso da persoa interesada, mediante consulta ao sistema de verificación de datos, dacordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.*

c) Documentación que acredite non estar incapacitada/o para exercer os labores de marisqueo.

Esta documentación deberá dirixirse á **Xefatura Territorial de Vigo**

4. De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, as persoas seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación: **"non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento"**.

As persoas que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou que, da revisión da mesma, se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude. Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, de acordo aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/s persoa/s que figuren na lista de reserva pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

5. A presente resolución publicárase no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial de Vigo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía de Arousa e de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da confraría.





Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A xefa territorial
Sonia Lorenzo Santos



ANEXO I
RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS SELECCIONADAS

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.	1	2	2.a	2.b	3	3a	3b	3c	4	TOTAL
1	PÉREZ LOMBA, BEGOÑA	* * * 9632 * *	-	3,00	3,32	0,15	2,00	2,00	0	-	2,00	7,00
2	MARTÍNEZ ALONSO, LUCÍA	* * * 0143 * *	-	2,15	1,80	0,35	2,00	2,00	0	-	2,00	6,15
3	MARIÑO ÁLVAREZ, MARÍA DEL PILAR	* * * 9364 * *	-	0,15	0	0,15	2,00	2,00	0	-	2,00	4,15
4	DURÁN MARTÍNEZ, MARÍA DEL PILAR	* * * 9058 * *	-	3,00	3,08	0,15	1,00	1,00	0	-	0	4,00

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

PUNTUACIÓN (de conformidade coa resolución de convocatoria do proceso selectivo):

Apartado 1: por demandante de emprego (SEN PUNTUACIÓN)

Apartado 2: por formación

Apartado 2.a: cursos incluídos no catálogo

Apartado 2.b: titulación académica

Apartado 3: Experiencia profesional na extracción de recursos mariños

Apartado 3.a: permex a pé RR.EE.

Apartado 3.b: permex marisqueo a pé

Apartado 3.c: Enrolado como perbeiro/a ou mergullador/a embarcación RR.EE. (SEN PUNTUACIÓN)

Apartado 4: por estar empadroad/a nun concello do ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión



ANEXO II

RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS - LISTA DE RESERVA

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.	1	2	2.a	2.b	3	3a	3b	3c	4	TOTAL
1	DEL CAMPO SANTIAGO, IGNACIO SALVADOR	* * * 2062 * *	-	1,23	1,08	0,15	2,00	2,00	0	-	0	3,23
2	DEL CAMPO SANTIAGO, ISRAEL	* * * 2063 * *	-	0,15	0	0,15	1,00	1,00	0	-	2,00	3,15
3	DEBSKI, WIESLAW	* * * 1469 * *	-	0	0	0	1,00	1,00	0	-	2,00	3,00

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

PUNTUACIÓN (de conformidade coa resolución de convocatoria do proceso selectivo):

Apartado 1: por demandante de emprego (SEN PUNTUACIÓN)

Apartado 2: por formación

Apartado 2.a: cursos incluídos no catálogo

Apartado 2.b: titulación académica

Apartado 3: Experiencia profesional na extracción de recursos mariños

Apartado 3.a: permex a pé RR.EE.

Apartado 3.b: permex marisqueo a pé

Apartado 3.c: Enrolado como perbeiro/a ou mergullador/a embarcación RR.EE. (SEN PUNTUACIÓN)

Apartado 4: por estar empadroadado/a nun concello do ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión

CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Segundo as bases da convocatoria non se valora o apartado 1 do baremo (situación de demandante de emprego) nin o punto 3 do apartado C (experiencia profesional) do baremo, por non existir a modalidade de enrole de que se trata.



1- DEMANDANTE DE EMPREGO: Non se valora

2- FORMACIÓN: A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos

2.a ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):

Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de explotación a pé para recursos específicos e que estean inscritas no catálogo de actividades formativas de conformidade co establecido no ANEXO C desta convocatoria (última actualización maio de 2023).

2.b TITULACIÓN ACADÉMICA:

Graduado en ESO ou equivalente: 0,15 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,25 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,35 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 0,50 punto. Ás persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no IGafa, engadiráselles 1 punto.

3- EXPERIENCIA PROFESIONAL NA EXTRACCIÓN DE RECURSOS MARIÑOS: A puntuación máxima total que se poderá obter neste epígrafe será de 2 puntos.

a) Ter sido titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 1 punto por ano completo.

b) Ter sido titular dun permiso de explotación para marisqueo a pé nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,5 punto por ano completo.

Non se terán en conta os aspectos recollidos nas letras a) e b) cando a perda dos permisos de explotación fose como consecuencia de sanción en materia de protección dos recursos mariños ou incumprimento das prescricións ou requisitos establecidos no plan de xestión.

c)- Ter estado enrolado/a como percebeiro/a (con acreditación) ou mergullador/a en embarcacións que contan coa modalidade do recurso específico do que se trate no seu permiso de explotación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,04 puntos/mes completo sempre que a embarcación rexistrase actividade pesqueira e vendas para esa modalidade. Non se valora.

4- PADRÓN: Por estar empadroadado nun concello situado do ámbito territorial da confraría ou entidade titular do plan de explotación en que está prevista a incorporación, durante un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria: 2 puntos.

